

A MOSTRA “SANTIAGO, 1909” SUPERA AS 5.000 VISITAS NO ECUADOR DA SÚA MONTAXE

- A exposición fotográfica está promovida pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, en colaboración coa USC, e producida por Alvarellos Editora.
- Permanecerá aberta no Colexio de Fonseca ata o 18 de outubro.

Santiago, venres 2 de outubro de 2009.- A mostra fotográfica “Santiago, 1909” que conmemora o centenario da primeira gran Expo galega de todos os tempos –a denominada “Exposición Rexional Galega de 1909”–, superou onte, xoves, ás tres semanas da súa apertura e no ecuador da súa montaxe, as 5.000 visitas, cunha media de 258 persoas ao día.

A exposición, que reúne 44 fotografías daquel histórico evento, inaugurouse o 10 de setembro no Colexio de Fonseca e permanecerá aberta ata o 18 de outubro.

Divídese en tres apartados: “Os pavillóns”, “A sección arqueolóxica”, e “Xentes & actos”, onde se mostran, rescatadas do esquecemento, as imaxes máis espectaculares e singulares daquel certame.

O centenario da Expo de 1909 principiou en xullo coa publicación do volume *Santiago, 1909* co-editado polo Consorcio de Santiago e Alvarellos Editora, que reúne máis de setenta imaxes e ilustracións daquela cita.

Dous meses despois inaugurouse esta mostra homónima que, patrocinada pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo da Consellería de Cultura e Turismo, en colaboración coa Universidade de Santiago, se desenvolve estes días montada nas tres salas do Colexio de Fonseca e producida e comisariada por Alvarellos Editora.

CONCERTO DO CENTENARIO

Os actos do Centenario terán continuidade a mediados deste mes, posiblemente o domingo 18, coa reestrea, por parte da Banda Municipal de Santiago, do Himno oficial da Expo de 1909, obra de Santiago Tafall e Barcia Caballero e con arranxos para banda de Francisco Martínez, unha partitura que levaba perdida un século e foi localizada hai dúas semanas. O Teatro Principal acollerá o concerto.

[+info en: www.alvarellos.info]



Rúa Sempre en Galiza, 4 (praza int.)
15706 Santiago de Compostela
Tel+ fax: + 34 981 52 21 37 + 34 609 90 88 52
correo@alvarellos.info
www.alvarellos.info